

Número 7 - Ano 2022

ACTA

da sesión EXTRAORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

23 de xuño de 2022

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás trece horas e cinco minutos do día vinte e tres de xuño de dous mill vinte e dous; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense por medios telemáticos os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Sostibilidade Urbana; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8707128092499564642.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-6-2022

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

A presente sesión foi convocada por resolución da Alcaldía de data 17 de xuño de 2022 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DIA:

1. APROBACIÓN MUNICIPAL, EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NO PARÁGRAFO TRES DA ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRESTRUTURAS (CMATI) DO 29-04-11 (DOG Nº 94 DO 16-05-11), DA PARTE DO "PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL", REDACTADO POR EPYPSA, RELATIVA Á SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS SINALADAS NO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DE DATA DO 13 DE OUTUBRO DE 2020.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/80 APROBACIÓN MUNICIPAL, EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NO PARÁGRAFO TRES DA ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRESTRUTURAS (CMATI) DO 29-04-11 (DOG Nº 94 DO 16-05-11), DA PARTE DO "PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL", REDACTADO POR EPYPSA, RELATIVA Á SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS SINALADAS NO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DE DATA DO 13 DE OUTUBRO DE 2020.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DO TENENETE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA, do 3 de xuño de 2022, que seguidamente se transcribe:

"Examinado o expediente de referencia, tramitado polo Negociado de Planeamento e visto o informe do Servizo de Urbanismo de data do 3-06-2022, cuxa parte expositiva é do seguinte teor literal:

Examinado o expediente de referencia cómpre informar o seguinte:

FEITOS

I.- Con data do 21-11-12 rexistrouse de entrada neste Concello o proxecto, redactado por "EPYPSA", que contiña as correccións derivadas do cumprimento das observacións e reparos sinalados en relación coas áreas e determinacións que non foron obxecto de aprobación definitiva na Orde da CMATI do 29-04-11. Esta Orde estableceu na súa parte dispositiva:

"1.- Aprobar definitivamente, de forma parcial, o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lugo, deixando en suspenso as áreas e determinacións obxecto de reparos no punto II anterior e, nomeadamente, os ámbitos sinalados no anexo a esta orde.

2.- Cómpre achegar un documento refundido, axustado ao acordo de aprobación municipal plenaria de data do 30-12-2010, que introduza as modificacións esixidas de resultas dos informes sectoriais sinalados no punto II.1 anterior; dos informes dos servizos técnicos e xurídicos municipais de data do 9-12-10; dos acordos de modificación adoptados no seo da sesión plenaria sinalada; e do propio contido do corpo desta orde.

3.- No eido dos ámbitos suspendidos e determinacións que quedan fóra desta aprobación, o concello deberá introducir as correccións necesarias e, tras a súa aprobación plenaria, serán elevados novamente ante esta consellería para a súa aprobación definitiva".

II.- O Concello Pleno, con data do 3-12-12, acordou aprobalo e remitilo á devandita Consellería para a súa aprobación definitiva. A CMATI, con data do 7-02-13, formulou un requirimento de subsanación de deficiencias documentais, que foi cumprimentado por este Concello con data do 27-02-13. Desta subsanación deuse conta ao Concello Pleno na sesión celebrada con data do 4-03-13.

III.- Con data do 16-04-13 rexistrouse de entrada neste Concello un informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, de data do 12-04-13, relativo ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo, emitido a instancia da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia en virtude da solicitude formulada por esta con data do 15-03-13. Neste informe se sinalan unha serie de deficiencias a subsanar impoñendo, entre outras condicións, o deber do Concello de realizar estudos Hidrolóxicos-Hidráulicos de todos os cauces afectados ao seu paso polos solos que se sinalan no mesmo.

IV.- Con data do 17-04-13 recibíuse por fax neste Concello a Orde do 16-04-13 do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas pola que se resolve a suspensión do prazo para resolver a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lugo en relación cos ámbitos suspendidos na anterior Orde do 29-04-11. A devandita Orde rexistrouse de entrada neste Concello con data do 19-04-13 e ditouse con fundamento no informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil rexistrado de entrada na CMATI con data do 12-04-13.

V.- Por escrito, de data do 2-09-16, do Concelleiro Delegado de Urbanismo solicitouse á Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a remisión a este Concello dun informe-borrador en relación cos ámbitos suspendidos na Orde da CMATI, de data do 29-04-11, por razóns alleas ás relativas ao informe hidrolóxico-hidráulico esixido na súa Orde posterior do 16-04-13, o cal foi recibido neste Concello con data de rexistro de entrada do 6-10-16.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8707128092499564642.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-6-2022

VI.- A empresa encargada da redacción do PXOM (EPYPSA) rexistrou de entrada neste Concello o día 12-09-18 dous exemplares do estudo “ELABORACIÓN DE MAPAS DE PERIGOSIDADE E RISCO DE INUNDACIÓN NECESARIOS PARA A APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DE LUGO”. Posteriormente, con data do 20-11-18, rexistrou tamén de entrada neste Concello outros dous exemplares do devandito Estudo e o Servizo Municipal de Medio Ambiente emitiu un informe, con data do 22-11-18, poñendo de manifesto que os documentos que o integran cumpren os requisitos necesarios para a súa tramitación.

VII.- Por parte do Concello remitiuse este Estudo, para o seu informe, á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, rexistrándose de entrada na mesma con data do 28-11-18. O informe solicitado foi emitido polo mencionado Organismo de Cuenca con data do 28-2-19 e rexistrado de entrada neste Concello o día 7-03-19.

VIII.- Con data do 4-06-20 rexistrouse de entrada neste Concello por parte de EPYPSA a documentación do PXOM subsanatoria das deficiencias sinaladas na Orde da CMATI de data do 16-04-13.

IX.- Esta documentación, despois de ser informada polos Servizos Municipais competentes, foi obxecto de aprobación polo acordo da Xunta de Goberno Local de data do 22-07-2020 e polo acordo plenario de data do 30-07-2020, nos seguintes termos literais:

Acordo da Xunta de Goberno Local do 22-7-2020:

“PRIMEIRO.- APROBAR en cumprimento do establecido no parágrafo tres da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) do 29-04-11 (DOG nº 94 do 16-05-11) e de conformidade co informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, de data do 28 de febreiro de 2019, a PARTE DO “PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL”, redactado por EPYPSA, relativa á “DOCUMENTACIÓN DO PXOM SUBSANATORIA DAS DEFICIENCIAS SINALADAS NA ORDE DA CMATI DE DATA DO 16-04-13”, con base no seu previo estudo “Elaboración de Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación necesarios para a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Lugo”.

SEGUNDO.- Someter á aprobación do Pleno da Corporación o presente expediente.”

Acordo plenario do 30-7-2020:

“PRIMEIRO.- APROBAR en cumprimento do establecido no parágrafo tres da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) do 29-04-11 (DOG nº 94 do 16-05-11) e de conformidade co informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, de data do 28 de febreiro de 2019, a PARTE DO “PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL”, redactado por EPYPSA, relativa á “DOCUMENTACIÓN DO PXOM SUBSANATORIA DAS DEFICIENCIAS SINALADAS NA ORDE DA CMATI DE DATA DO 16-04-13”, con base no seu previo estudo “Elaboración de Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación necesarios para a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Lugo”.

SEGUNDO.- REMITIR este acordo, xunto co expediente e o devandito instrumento de planeamento á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) pola vía do art. 85.7 da LOUGA cara ao exame da integridade documental tanto do proxecto aprobado como do expediente e das actuacións administrativas realizadas e pola vía do art. 60.15 da LSG para a emisión do seu informe preceptivo e vinculante en relación cos extremos que neste precepto legal se sinalan”.

X.- Con data do 15-10-2020 rexistrouse de entrada neste Concello o informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de data do 13-10-2020, no que se sinalan unha serie de deficiencias a subsanar.

XI.- Posteriormente, con data do 26-05-2022, EPYPSA presentou por rexistro de entrada a documentación subsanatoria das deficiencias sinaladas no devandito informe da devandita Dirección Xeral. Esta documentación foi informada favorablemente, con data do 2-6-2022, polos Servizos Municipais de Arquitectura, Enxeñería, Arqueoloxía e Medio Ambiente nun informe conxunto emitido ao efecto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A Orde do 29-04-11 (DOG nº 94 do 16-05-11) da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) da Xunta de Galicia resolveu aprobar definitivamente, de forma parcial, o PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE LUGO, sinalando unha serie de observacións e reparos correspondentes ás áreas e determinacións que non foron obxecto de aprobación definitiva na mesma. Literalmente a devandita Orde estableceu no parágrafo terceiro da súa parte:

“3.- No eido dos ámbitos suspendidos e determinacións que quedan fóra desta aprobación, o concello deberá introducir as correccións necesarias e, tras a súa aprobación plenaria, serán elevados novamente ante esta consellería para a súa aprobación definitiva”.

Tal como se expón nos anteriores Feitos, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu un informe, con data do 13 de outubro de 2020, sinalando unha serie de deficiencias á documentación aprobada polo Concello Pleno na sesión celebrada con data do 30-07-2020.

En consecuencia, coa documentación elaborada por EPYPSA e rexistrada de entrada neste Concello con data do 26-05-2022, complétase a subsanación das deficiencias sinaladas polo órgano autonómico en relación coa totalidade do ámbito territorial que non foi obxecto de aprobación definitiva pola Orde, do 29-04-11, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (coñecido comunmente neste Concello como o 5%).

SEGUNDO.- Esta última documentación elaborada polo equipo redactor EPYPSA, tal como se expón nos anteriores Feitos, foi informada favorablemente no informe conxunto dos Servizos Municipais de Arquitectura, Enxeñería, Arqueoloxía e Medio Ambiente, emitido con data do 2-6-2022, unha vez analizado o seu contido.

A fiscalización deste contido, dende a perspectiva da debida motivación que deber ter un instrumento de planeamento como o PXOM en aras á xustificación das súas determinacións, en especial en relación cunhas clasificacións do solo de carácter regrado como son as do solo rústico de especial protección (expl. agropecuaria, forestal e augas, definidas nos artigos 34.2-a) -b) -c) da LSG respectivamente)

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8707128092499564642.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-6-2022

contempladas no presente proxecto, foi perfilada nunha reiterada xurisprudencia que concluíu que, no caso da revisión dun Plan Xeral non é necesario xustificar a nova clasificación do solo finca por finca, senón en termos máis amplos, principais, de grandes liñas (STS 25-07-02, 11-02-04 y 26-01-05), nesta última afirmase expresamente: “Reconociéndose, por tanto, la potestad de la Administración para alterar, modificar, revisar o formular ex novo un planeamiento urbanístico, debe centrarse la cuestión en que la actividad en que se concreta esa potestad debe estar suficientemente justificada, y apoyada en datos objetivos, para impedir que la impropiedad en el ejercicio de que el “ius variandi”, atente a los límites racionales y naturales de la discrecionalidad que se reconoce. Esto es, que reconocida tal posibilidad de cambio, la misma, sin embargo, como hemos señalado, ha de venir avalada, como cualquier actuación administrativa, por la correspondiente motivación y justificación. Debe, sin embargo, advertirse de la diferente exigencia e intensidad de motivación, en función del nivel o profundidad del cambio que se efectúa, y recordarse que, en el supuesto de autos, estamos en presencia de una Revisión del planeamiento (en concreto, de un PGOU) y no de una simple Modificación del mismo. Como hemos puesto de manifiesto, entre otras muchas en la STS de 17 de abril de 1991 «sabido es que aquélla es una reconsideración integral o total del planeamiento anterior para ajustarlo a la realidad que contempla la Revisión», y, en orden a su necesaria motivación, se señala que la «motivación general es más que suficiente cuando se trata de una Revisión, que no tiene por qué descender al detalle del cambio de clasificación de tal o cual punto concreto del territorio sobre el que se proyecta, lo cual es propio de la Modificación».

Congruentemente con este criterio xurisprudencial, o Estudo de Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación elaborado polo Concello e informado favorablemente pola CHMS, aporta ao traballo realizado a necesaria obxectividade (esixida xurisprudencialmente como antes se indicou), en orde a determinar as características propias dos terreos (“teoría dos feitos determinantes”, tamén denominada “forza normativa do fáctico”), na análise pormenorizada que se fai do solo na documentación que agora se somete a aprobación. Dende esta perspectiva cómpre reiterar a fiscalización positiva que se fai no informe conxunto dos Servizos Técnicos Municipais (Arquitectura, Enxeñería, Arqueoloxía e Medio Ambiente) de data do 2-6-2022, obrante no expediente, ao cal me remito como motivación e fundamento da proposta de acordo que se formula no presente informe.

TERCEIRO.- En relación coa tramitación que deba seguirse cara a acadar a aprobación definitiva deste documento cómpre remitirse, en principio, ao parágrafo terceiro da parte resolutiva da Orde do 29-04-11, que volvemos a transcribir: “No eido dos ámbitos suspendidos e determinacións que quedan fóra desta aprobación, o concello deberá introducir as correccións necesarias e, tras a súa aprobación plenaria, serán elevados novamente ante esta consellería para a súa aprobación definitiva”.

A entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), ten incidencia non só no ámbito procedimental senón tamén no ámbito competencial cara a aprobación definitiva do presente proxecto subsanatorio das deficiencias sinaladas na Orde da CMATI do 16-04-13. A teor do disposto na súa disposición

transitoria segunda os plans aprobados provisionalmente antes da súa entrada en vigor, como ocorre no presente caso, poderán continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva a teor das normas procedimentais e determinacións da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) e a competencia para a súa aprobación rexeráse polo réxime establecido na LSG.

En relación coa súa tramitación, a remisión que se fai á LOUGA sitúanos no seu artigo 85.7, segundo o cal, unha vez acadada a aprobación municipal da devandita documentación e remitida posteriormente á CMATV, ésta no prazo dun mes examinará con carácter previo a integridade documental tanto do proxecto do plan como do expediente e das actuacións administrativas realizadas e, de apreciarse a omisión ou defectuosa celebración dalgún trámite, ou a existencia dalguna deficiencia na documentación do proxecto, requirirá a subsanación das deficiencias observadas, fixando prazo ao efecto.

Segundo o establecido nos artigos 61.2 e 60.15 da LSG a competencia para a aprobación definitiva corresponde a este Concello (por ter unha poboación superior a 50.000 habitantes), previo o informe preceptivo e vinculante da Consellería Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) en relación cos extremos sinalados no art. 60.15 da LSG, a emitir nun prazo de tres meses dende a entrada do expediente completo no seu Rexistro, con silencio positivo no caso do seu transcurso sen a súa emisión.

En resumo, os trámites a levar a cabo en síntese son os seguintes:

- Aprobación Municipal (parágrafo 3 da Orde da CMATI do 29-04-11) da documentación elaborada por EPYPSA, en cumprimento do establecido no parágrafo tres da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) do 29-04-11 (DOG nº 94 do 16-05-11), da parte do "PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL" relativa á subsanación das deficiencias sinaladas no informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data do 13 de outubro de 2020.
- Remisión do expediente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) pola vía do art. 85.7 da LOUGA cara ao exame da integridade do proxecto, do expediente e das actuacións administrativas realizadas, e pola vía do art. 60.15 da LSG para a emisión do seu informe preceptivo e vinculante en relación cos extremos sinalados no mesmo.
- Unha vez recibido o devandito informe da CMATV, si fora emitido con carácter favorable, procederáse á aprobación definitiva por este Concello.

Posteriormente, cara a súa entrada en vigor, en virtude do establecido nos artigos 62.3, 82 e 88 da LSG, realizaranse os seguintes trámites:

- Publicación do acordo de aprobación definitiva no DOG, no prazo dun mes desde a súa adopción. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a referencia ao enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro do plan a disposición do público.
- Remisión dun exemplar deste instrumento de planeamento en soporte dixital, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8707128092499564642.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-6-2022

(CMATV) para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia. Sendo esta inscrición requisito de eficacia do acordo de aprobación definitiva.

-Publicación no BOP do documento que conteña a normativa e ordenanzas.

CUARTO.- Relacionado co tema dos trámites procedimentais está o concepto de "modificación substancial", concepto xurídico indeterminado que foi xurisprudencialmente definido nos seus contornos xerais ao analizar as modificacións introducidas na aprobación definitiva do planeamento en relación co contido do proxecto que se houbera aprobado provisionalmente cara á posible esixencia dunha nova información pública (por analoxía co art. 85.8 da LOUGA).

Tal como se cita nas sentenzas do TSXG nº 466/2004, 119/2005, nº 1093/2007, nº 1094/2007, e nas sentenzas de data do 12-07-12 (LA LEY 114771/2012) e de data do 26-07-12 (LA LEY 116674/2012), que se remiten á sentenza do TS de 4-5-99, un novo trámite de información pública só é necesario cando no trámite de aprobación definitiva do plan se introducen modificacións con respecto ao que foi obxecto de aprobación provisional, que supoñan unha modificación esencial na concepción, desenvolvemento e finalidades do plan provisionalmente aprobado; nesa sentenza do TS non se consideraron modificacións esenciais as relativas á exclusión como solo urbano de terreos comprendidos en plans parciais, nova delimitación de solo urbanizable programado, modificación do programa de actuación e adecuación do Estudo Económico Financeiro, elaboración do Catálogo de protección de edificios, supresión e modificación de preceptos de Normas Subsidiarias, e inclusión dunha nova unidade de actuación.

No informe conxunto dos Servizos Municipais de Enxeñería, Medio Ambiente e Arquitectura, emitido con data do 2-6-2022, analízase esta cuestión nos termos literais que a continuación se transcriben, concluíndo que no presente caso non se producen modificacións substanciais: *"De todo o referido se infire, que neste documento que se analiza non houbo cambios, nin na clasificación nin na cualificación do solo, nin en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, en cantidade ou importancia que impliquen alteración del modelo territorial. Así pois, as modificacións introducidas, anteriormente expostas, non alteran substancialmente o contido do proxecto aprobado provisionalmente, nin teñen incidencia sobre o modelo territorial global. Considérase do relatado polo equipo redactor que non se produciu unha modificación esencial nin na concepción, nin no desenvolvemento nin nas finalidades do Plan aprobado provisionalmente.*

Como conclusión reitérase que, os aspectos cuantitativos e cualitativos do PXOM non se modifican de xeito esencial e polo tanto non implican alteracións do modelo territorial do Plan Xeral aprobado provisionalmente con data 23 de xaneiro de 2009 que se define pola súa concepción, desenvolvemento e finalidade."

Este Concelleiro-Delegado, propón que, polo Excmo. Concello Pleno, se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- APROBAR en cumprimento do establecido no parágrafo tres da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) do 29-04-11 (DOG nº 94 do 16-05-11) e de conformidade co informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, de data do 28 de febreiro de 2019, a parte do "PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL",

redactado por EPYPSA, relativa á subsanación das deficiencias sinaladas no informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data do 13 de outubro de 2020.

SEGUNDO.- REMITIR este acordo, xunto co expediente e o devandito instrumento de planeamento á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) pola vía do art. 85.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) cara ao exame da integridade documental tanto do proxecto aprobado como do expediente e das actuacións administrativas realizadas e pola vía do art. 60.15 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) para a emisión do seu informe preceptivo e vinculante en relación cos extremos que neste precepto legal se sinalan.”

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE SOSTIBILIDADE URBANA E COHESIÓN TERRITORIAL, emitido na sesión celebrada o día 14 de xuño de 2022.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 18 dos Grupos Municipais do Partido Popular e do Partido Socialista de Galicia-PSOE.
- **Votos en contra:** 5 do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 2 do Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

PRIMEIRO.- APROBAR en cumprimento do establecido no parágrafo tres da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) do 29-04-11 (DOG nº 94 do 16-05-11) e de conformidade co informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, de data do 28 de febreiro de 2019, a parte do “PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL”, redactado por EPYPSA, relativa á subsanación das deficiencias sinaladas no informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data do 13 de outubro de 2020.

SEGUNDO.- REMITIR este acordo, xunto co expediente e o devandito instrumento de planeamento á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) pola vía do art. 85.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) cara ao exame da integridade documental tanto do proxecto aprobado como do expediente e das actuacións administrativas realizadas e pola vía do art. 60.15 da Lei 2/2016, do 10

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8707128092499564642.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-6-2022

de febreiro, do solo de Galicia (LSG) para a emisión do seu informe preceptivo e vinculante en relación cos extremos que neste precepto legal se sinalan.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Bos días a todos e... Imos dar comezo á convocatoria extraordinaria do pleno de hoxe despois deste receso, para debater e aprobar o proxecto iniciado do PXOM, e polo tanto, pois iniciamos co portavoz do goberno de tenente da Alcaldesa, da área de urbanismo sostible, don Álvaro Santos: 6 minutos.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moitas grazas, señora Alcaldesa. Moi bos días a todas e a todos.

Como ben anunciaba a Alcaldesa despois deste receso longo, pero no que algúns non tivemos nin tempo de cambiar de chaquetas, nin a intención de voto, continuamos coa tramitación, e co impulso da aprobación dese 5%, que é máis dun 5%, do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo.

Dende logo, un instrumento imprescindible para a garantía, para a certeza e para non situar en planos de indefensión a aqueles que se ven afectados por esta falta de aprobación ou de colmatación da ordenación municipal, da ordenación urbanística.

Quizais un dos documentos de maior importancia de calquera entidade local, e que creo que o Concello de Lugo, malia todas as vicisitudes que demoraron a súa aprobación máis do desexado, e ao mellor incluso nalgún tempo máis do xustificable, pode presumir de que está en determinación e en posición de poder aprobalo. Que non o poden dicir a maior parte dos Concellos desta provincia, nin da contorna.

Creo que é algo que tamén nos debe invitar á reflexión, tendo en conta as nosas moitísimas máis peculiaridades, e a confluencia de moitísimos máis intereses que dificultan en ocasións esta aprobación.

Eu quero hoxe simplemente pedir perdón. Perdón por ter tido a inxenuidade de pensar que nesta cidade se podía facer política en defensa do interese xeral, e por riba dos intereses particulares. E levei un batacazo nos focifios porque, nunha sesión plenaria, me din conta de que, efectivamente, boa parte da corporación estaba máis entretida nos intereses particulares, que nos xerais.

Perdón, perdón, porque malia considerar que puxen todo o posible da miña parte para facilitar a comprensión deste documento e o pronunciamento sobre o mesmo, con solvencia e con criterios rigorosos, non o conseguín, e sinto que teño algo de responsabilidade ou que teño aí unha carencia que digo... non sei que máis se puido facer para facelo e materializalo na sesión plenaria anterior.

E perdón tamén porque con estas alteracións ou con estas mensaxes políticas creo que nos estamos distanciando dos cidadáns, que o que esixen é pragmatismo, que o que esixen é claridade e o que esixen é servizo público e non protagonismos ou estas manifestacións da política.

Perdón tamén a aqueles traballadores, aos que facía mención o outro día a Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, o Xefe de Servizo saínte

de Arquitectura do Concello de Lugo, a Xefa de Servizo actual, o coordinador da área... porque fixeron un grandísimo esforzo e unha implicación e un impulso persoal para que este punto puidese ser abordado polo conxunto da Corporación e, dalgunha forma, desprezamos o seu traballo, meténdonos noutros discursos ou noutros debates, e non na materia que nos ocupaba.

Agardo porque..., home, tamén teño que pedir perdón por non ler a prensa todos os días, pero agardo, de verdade, que hoxe poidamos saír con este texto, con este documento, aprobado definitivamente, para que continúe a súa tramitación, e así lle poidamos dicir todos, dende a nosa perspectiva e a nosa ideoloxía, cada quen, e cos nosos argumentos, a Lugo, que estamos, efectivamente, traballando por el.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas, pois quenda agora do portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias y buenos días. Bueno, pues respecto a la cuestión de fondo, vamos a dar por reproducido lo que se dijo en el último Pleno, porque fue hace escasos días y más que nada en aras a la brevedad y no aburrir. Simplemente decir que efectivamente creemos, y en eso sí queremos insistir, que en lo que se tendría que estar trabajando es en un nuevo PXOM, en un nuevo PXOM adecuado a la ciudad que tenemos y a la ciudad que queremos.

Este PXOM y este 5% no lo son, y a pesar de ser una herramienta que sin duda puede aportar cierta seguridad jurídica, no es una herramienta buena para un buen futuro para Lugo.

Y respecto a las palabras que acaba de decir ahora el señor Álvaro Santos, yo entiendo lo del batacazo. Vaya si lo entiendo. Y entiendo que usted está disgustado sobre todo con su socio de gobierno: el mayor batacazo es el de sus socios de gobierno. Porque usted ha traído una propuesta que entiende que es buena para Lugo. Trae una propuesta porque entiende que se puede hacer buena política y los socios de gobierno le dicen que no, que no están de acuerdo, que no es bueno para Lugo. Bueno, que no es bueno para Lugo es relativo, porque sí que nos dijeron que era bueno, pero luego matizaron que no era bueno para las personas, era bueno para el arcoiris o para qué era bueno. Solo puede ser bueno para las personas si es una herramienta útil, si es que creen que lo es.

Pero ahí tenemos esa postura por parte del Bloque, en la que en otros casos no les ha importado cambiar su voto por todos..., el servicio de la grúa municipal, pero en este caso cuando se trata de un tema tan importante que trae su socio de gobierno, que es el Partido Socialista, deciden votar que no.

Desde mi punto de vista es una traición absoluta, no sólo al gobierno, no sólo al partido con el que gobierna, el Partido Socialista, sino una traición también a todos los lucenses. Y no por el sentido del voto sólo, sino por la tradición que supone el quebrar lo que debe ser un partido o una coalición que debe de dar estabilidad a Lugo. Entonces el debate entendemos que se debe centrar en la idoneidad y oportunidad de aprobar este 5%. Y esa idoneidad y oportunidad esperemos que la explique sobre todo el Bloque Nacionalista Gallego, que es el que nos tiene que

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8707128092499564642.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-6-2022

convencer del sentido de nuestro voto, porque cuando a la oposición se le pide responsabilidad y que apoye al gobierno, yo quiero tomar esas palabras como buenas, pero tengo una duda: ¿a qué parte del gobierno apoyo? ¿A los que dicen sí o a los que dicen no? Y espero que la próxima intervención se me pueda aclarar para definitivamente poder adoptar una posición acerca de nuestro voto. Nada más, muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois queda agora de intervención para o portavoz do Bloque Nacionalista Galego.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas, Alcaldesa. Moi bo día a todas e a todos. Poderíamos comezar falando dunha valoración deste Plan Xeral, pero creo que se leva tantos anos xa debatendo, máis dunha década, que xa sería demasiado reiterado.

Entón, dado ademais que hai 6 días xa tratamos isto, creo que é importante facer un resumo sobre todo do que aconteceu nestas últimas datas. Hai cousas que hai que quizais aclarar. Agora ademais vía que o compañeiro de Ciudadanos parece que non ten moi claras nin sequera cales son as competencias do Pleno e da Xunta de Goberno.

Hai cousas que igual hai que reaclara. Este Plan Xeral poderíamolo simbolizar nun puzzle. Un puzzle de vinte pezas. Un puzzle que hai uns anos se aprobou, pero que desas 20 pezas caeu unha, e quedaron 19 sobre a mesa. Esa que caeu é o 5%.

E ese puzzle debuxa unha cidade, un deseño, que no seu momento pois se acordou, que é un deseño dunha cidade que apostaba por desenvolverse en dez anos para 300.000 habitantes. Naquel momento, pois evidentemente, dentro dun debate democrático de intercambio de ideas, houbo quen estaba de acordo e houbo quen non. Nós evidentemente non estabamos de acordo, ás veces nós cometemos moitos erros, sen lugar a dúbida, pero creo que nesa previsión que dicíamos de que é un plan irrealista, pois tampouco nos equivocamos tanto.

Despois deses dez anos para os que estaba planificado o desenvolvemento, pois, chegásemos a onde... chegásemos en todo caso, é iso foi unha decisión que cadaquén tomou no seu día hai 11 anos.

E dada esa situación, nós evidentemente mantemos que con esa peza do puzzle séguese debuxando un puzzle de 300.000 habitantes. Co que non concordamos. Non concordamos daquela. Non concordamos antes e seguimos sen concordar agora.

En todo caso, chamounos a atención o que paso tamén durante estes días, non? É curioso, ademais lembro no mandato pasado que o voceiro do Partido Popular, que estaba por aquel entón, que falaba marabillas do Plan Xeral e, incluso, dicía, case dicía, que fora parte do ideólogo dese Plan Xeral. Non digo que non. Pero agora mesmo chegamos ao punto desa peza do puzzle que queda por aprobar, e parece que o Partido Popular, como que se desentende. Pasou de ser case o ideólogo a desentenderse e dicir que é culpa do BNG. Curiosamente non.

Aquí hai varias razóns polas que se pode dar isto. Dalgunha fálase moito na rúa estes días. Eu creo que non. Pero estaría ben que o voceiro do Partido Popular o

aclare, porque estou convencido de que non. De que unha das razóns polas que non votou a favor foi porque como se tombaron certos urbanizables que tiñan nomes e apelidos coñecidos nesta cidade, pois non gustaba e houbo certas presións. Eu aclaro que estou convencido que non é así. Entón agardo que tamén o aclare, porque é algo que se está a falar na rúa e estaría ben tamén desmentilo con toda a contundencia polo ben de todos.

Aquí argumentouse, que pode ser outra das posibilidades, que foi por falta de tempo para estudar. Pode ser. Home, a min chámame a atención que un Grupo coma o noso, formado por cinco, puidese estudalo, que un Grupo como Cidadáns, formado por dous concelleiros, puidese estudalo, e un Grupo como o Partido Popular, formado por dez, e que dicían no seu día que eran case os ideólogos do Plan Xeral, non lles dese tempo a estudalo. Se foi así podería pensar alguén, eu non, porque creo que esa non é a realidade, é que son uns vagos, pero eu non o penso porque estou convencido que esa non é a razón. Eu estou convencido que a razón é a terceira: que evidentemente é por unha cuestión de estratexia política. Unha cuestión de que a falta de 11 meses dunha cita electoral, pois se queira facer todo o ruído que se poida con este tema, con este Plan Xeral, que como dicía no seu día, pois eran os ideólogos practicamente del.

En todo caso, creo que hoxe pois é un bo momento, un bo día, para tamén aclarar cal é a razón... e desmentir tamén eses debates que agora mesmo están na rúa.

E tanto o Partido Popular como Ciudadanos, dicíao antes, hai que coñecer cales son as competencias do Pleno. Eu tamén os animaría a ser conscientes diso, porque estes días dábame a sensación un pouco de que actuabades coma o mítico neno que quere facer a trasnada e non se atreva a facela só, e quere liar a outro neno do grupo. Ás veces son máis serios. Entón quere tomar unha posición por algo, pero non quere tomala só senón que quere que os demais tamén tomemos esa posición.

Entón se queredes aprobar o Plan Xeral, se vos queredes abster, se queredes votar en contra, facédeo e non esteades agardando a ver o que fan os demais.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Muchas gracias, Alcaldesa. Hagamos brevemente un poquito de historia. Año 98, arranca el Plan General. Después de ese inicio, en el año 98, durante el año 2000 estuvimos trabajando. Trabajando mucho y trabajando muy duro desde este partido y desde este grupo municipal, los compañeros que en su momento estaban aquí. Cientos y cientos de lucenses fueron a nuestras oficinas y nuestros compañeros fueron a todas las parroquias y a todas las calles de Lugo a acompañarlos y a ayudarles a tramitar sus alegaciones o toda la documentación necesaria con el Plan General. Por lo tanto, hicimos un extenso trabajo divulgativo y trabajo directo con este Plan General, que en el año 2011 se culminó con el voto a favor del Partido Popular por este plan.

Está claro que no era nuestro Plan General, está claro que no era un buen Plan General, está claro que no es un buen Plan General, pero es mejor que no tener un

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8707128092499564642.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-6-2022

Plan General. Eso es la realidad, hay que tener o hay que dar certidumbre a los ciudadanos.

Nadie en Lugo puede dudar que somos una oposición útil: lo demostramos durante todos estos años y lo seguimos demostrando. Siempre acreditamos trabajo, seriedad, responsabilidad, ánimo de consenso y, sobre todo, siempre antepusimos los intereses de Lugo por encima de los intereses de nuestro partido o personales. Algo que no sé si todos los partidos políticos que están aquí lo pueden decir, por mucho que quiera insinuar el señor Arroso.

Exactamente lo contrario que ustedes, señor Arroso y señora Méndez. Como digo, el 29 de abril de 2011 vino el primer requerimiento. Después de ese 29 de abril de 2011 pasaron 11 años. 11 años de parálisis, del PSOE y el BNG, parálisis injustificable como reconocía Álvaro Santos. 11 años bloqueando nuestra ciudad, bloqueando nuestro rural, bloqueando sueños, truncando sueños y proyectos familiares y empresariales de lucenses. 11 años también de presión, 11 años de presión del Partido Popular por decirles que trabajasen y que sacasen adelante este Plan General.

Pero vamos a detenernos en las semanas pasadas. Después de 11 años parece que despiertan. Después de 11 injustificables años de parálisis, como decía Álvaro Santos, parece que despiertan.

El 6 de junio, la Alcaldesa anuncia en rueda de prensa que está el Plan General, el 5%. El 7 de junio le pedimos una reunión. Sigue sin responder a esa petición. El 14 de junio llegamos a la comisión de pleno sin tener la documentación. Minutos después hay que agradecer al señor Santos que nos la envía por correo electrónico y minutos más tarde tenemos una Junta de portavoces en la que le aclaramos a la Alcaldesa que no habíamos tenido tiempo todavía de abrir ni siquiera la documentación.

El 16 de junio le pedimos oficialmente por escrito un aplazamiento de ese pleno. El 17 de junio, en este salón de plenos, en mi primera intervención, le pido oficialmente que se atrase el pleno y que se aplaze la votación.

Por cierto, señora Alcaldesa, solo le pedimos dos cosas: tiempo y humildad. Y no nos ha dado ninguna de ellas. Tiempo y humildad, señora Méndez. Ninguna nos ha concedido. Mire si lo que pedimos tenía sentido que el propio concejal Álvaro Santos durante el pleno intentó coger ese guante que le lanzamos desde el Partido Popular. Parece que aún no se había contagiado de la señora Méndez, de esa prepotencia en la que está instalada este gobierno. Pues ojalá. Ojalá hubiese cogido ese guante señor Santos, porque hubiese librado de ese varapalo que llevó la señora Méndez.

Señora Méndez, la realidad es cruda, su soledad es evidente. Y el resultado de no dialogar le ha llevado a perder una votación hace unos días y a tener que vernos una semana más tarde, que era lo único que le pedíamos desde el Partido Popular. Tiempo y humildad.

Señora Méndez, le pido encarecidamente que baje de esa atalaya en la que está instalada y que venga al mundo real. Y yo entiendo que esté nerviosa. Entiendo que esté nerviosa. Entiendo que en el fondo es consciente de su realidad y es consciente de lo que le viene por delante. Pero la política es algo más: es humildad,

es trabajo, es negociar, es hablar y es sacar proyectos adelante. Y su soledad sólo la está llevando a seguir más sola.

Agradezco, eso sí, la actitud de Álvaro Santos. Agradezco que cuando se le llamó, y lo hago aquí públicamente, en cuanto se le llamó, al día siguiente nos atendió y, juntos en una reunión, se aclararon ciertos aspectos que nos preocupaban del Plan General. Por tanto sí agradezco esa disposición. Ojalá copiase usted de quien tiene a su izquierda, señora Méndez.

Y hablando de soledad, sola la deja su vicealcalde. Su vicealcalde que es precisamente el que tenía que estar hoy votando con usted aquí. Por cierto, señor Arroxo, sean coherentes. En Junta de Gobierno, que, por cierto, el Plan General sí pasa por Junta de Gobierno, igual el que desconoce procedimientos es usted, se abstuvo. Y ahora en el salón de plenos vota en contra. Simplemente por coherencia deberían mantener el voto. Lo que pasa es que a lo mejor aquí les pesan más sus intereses políticos o personales, como decía usted, que los intereses por su ciudad. Señora Méndez, fueron rápidos, muy rápidos para cerrar su pacto de perdedores y ponerse y convertirse en el gobierno más caro de la historia. Pero en uno de los asuntos más importantes de esta ciudad, que es, como reconocía el concejal Álvaro Santos, aprobar un documento urbanístico como un Plan General, no fueron capaces de ponerse de acuerdo.

Y los lucenses estamos hartos. Hartos de sus peleas. Hartos de que se parezcan más a Pimpinela que a un gobierno serio. El BNG, como digo, está posiblemente como una persona despechada dentro de este matrimonio de conveniencia. Un matrimonio de conveniencia que solo se une por el dinero, que es lo único que les interesa a PSOE y a BNG en este gobierno.

Por eso desde el Partido Popular le decimos: señora Méndez, si usted todavía manda algo en este gobierno de perdedores, le pedimos que cese de inmediato a sus cónyuges interesados. Expulse al BNG del gobierno. Pídales la separación. Pídales el divorcio. No tiene sentido ninguno.

¿Por qué vamos a estar manteniendo el gobierno más caro de la historia, que cuando llega el asunto de más importancia en esta ciudad ni siquiera son capaces de votar unidos? ¿Pero ustedes a quién defienden? ¿A sus ombligos? ¿A sus intereses personales? ¿A sus Juntas? ¿A sus sedes? ¿A quién están defendiendo? Estamos defendiendo a Lugo.

Y desde el Partido Popular sí agradecemos, que aunque fue por obligación, sí hemos tenido una semana más para consultar este documento y para poder votar en consecuencia y con responsabilidad. Después seguimos en la siguiente intervención.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois iniciamos a segunda quenda. Quenda para o tenente de Alcadesa da Área de Sostibilidade Urbana.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moitas grazas, Alcadesa. A verdade é que eu non sei se non fará falta outro pleno máis. A ver se falamos un pouco de urbanismo, porque eu neste pois non oín moito falar dilo.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8707128092499564642.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-6-2022

Señor Vidal-Pardo, por empezar por vostede que foi o primeiro que fixo apreciacións, eu non pretendo persuadilo dun sentido do voto. Entendo que queira atender a sesión, pero direille que o voto do socio de goberno, do BNG, aínda que non o comparta, o entendo, porque é un voto valente e argumentado. Non se queden na abstención, que xa dicía Cacharro Pardo que era o voto dos covardes. Por outro lado, eu, de verdade, non viña cunha sensación agradable a este pleno, e persoalmente non me está resultando agradable este pleno, porque creo que estamos desviando os debates de todo o que corresponde.

Polo tanto, eu vou pensar que non vin traballar hoxe. E en canto saia do pleno vou solicitar ao servizo de Persoal que me reduza da miña retribución mensual o que me corresponda ao día de hoxe, porque creo que de verdade é o único ou máis digno que podemos facer. E que esa cantidade sexa destinada á emerxencia social ou servizos sociais, e en caso de que algún problema burocrático para facelo farei o desconto e ingresareino nunha entidade de interese e de traballo social da cidade de Lugo.

Porque lles digo de verdade: vir dous días aquí a ver quen ten máis razón, en non desenmarañar e en non desbloquear xa dunha vez un asunto que é imprescindible, un asunto que contén ou contempla unha capacidade residencial de 26 mil e pico vivendas (que non sei onde van meter 300.000 habitantes en 26.000 vivendas), que prevé precisamente unha retribución desa capacidade residencial, que prevé resolver o ordenamento de espazos fundamentais para o desenvolvemento desta cidade, pois a verdade é que me parece unha temeridade.

Eu sigo apelando a todos o seu voto a favor respectando a todos aqueles que o teñen noutro sentido. E sobre todo que o argumenten. Que podemos compartilo ou non podemos compartilo.

Señor Ameijide, a miña actitude non lle é novidosa. Outra cousa é as etiquetas que me queiran pegar vostedes e algún máis. Non é novidosa. Sempre tiven a man tendida e a miña porta sempre estivo aberta. De feito, porque me chaman, senón poden pasar por alí e probablemente os a tenda no momento. Agora, non se esqueza de que eu atendo na miña condición de Concelleiro de Urbanismo, que son parte do goberno, e cando eu lle estou facilitando unha tramitación, unha xestión ou a comprensión dun documento, en realidade estallo facilitando o goberno. E non se equivoque, a señora Alcaldesa sabe perfectamente a quen recibo e a quen non, e os asuntos que despachamos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias. Pues nada, continuando con lo que estábamos diciendo, siempre en la misma línea.

Señor Santos, yo sí que le agradecería que no defendiese al BNG. Es que es increíble. Ustedes son traicionados por el BNG, pero no sólo es eso, que hasta les tienen que defender, porque defenderlos a ellos en realidad es salvar su gobierno. Pero si estamos hablando de valentía en el voto, mucho más valiente sería reconocer ese hecho. Reconocer el hecho de que se está en el gobierno con un

socio desleal, con un socio que no quiere gobernar con ustedes, que lo que quiere es hacer la campaña, que por cierto, desde mi punto de vista es algo que ustedes están padeciendo. Son ustedes los que se queman constantemente. Lo digo sinceramente. Son ustedes los que dan la cara ante los problemas y el BNG siempre se oculta. Siempre se oculta. Y el día que les traiciona en público ustedes también le defienden. Es que es algo que no tiene sentido ninguno ya desde el mismo sentido de la dignidad, porque son unos socios desleales.

Y señor Arroxo, respecto a las competencias, claro que sé las competencias que tenemos en el pleno a la hora de votar. Son exactamente las mismas que las suyas. Sí, es decir, votar a favor, votar en contra o abstenerse.

¿Pero usted no me puede reconocer que, a diferencia de mí, usted es un concejal del gobierno? ¿No está en el gobierno? ¿No tiene una responsabilidad con los lucenses? ¿No tiene una responsabilidad con su socio de gobierno? Sí la tiene. ¿Está cumpliendo con ella? No. Y todo justificado desde un punto de vista de la coherencia. «Nosotros ya dijimos que no». ¿Y el resto de cosas? ¿La grúa municipal? ¿Qué habían dicho? Habían dicho que sí. ¿Y luego qué dijeron? Que no. Pero ahora, no, ahora cuando tenemos que votar una cosa, que según sus propias palabras está bien y es buena (no sabemos si para las personas o para las cosas), pero está bien, resulta que hoy no pueden cambiar su voto. Pues lo que tienen que hacer es cambiar su voto y lo que tienen que hacer dentro del gobierno es arreglar las cosas y dejar de mirar a la oposición, respecto al voto o respecto a la posición que vamos a tener en este tema.

Y si quieren hacer algo, por lo menos, que tenga que ver con esta sesión, como decía el señor Santos, con urbanismo, yo todavía estoy esperando a que me convenzan de mi voto como parte del gobierno, porque hasta ahora no me han convencido ni en un sentido ni en otro.

Nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz do BNG.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Ben, creo que seguimos sen entender a responsabilidade que se ten cando se está na corporación municipal, cando se forma parte do pleno municipal. Temos unhas competencias, non é só dicir: «o goberno que arranxe isto», temos unhas responsabilidades co que votamos. E hai certos asuntos, como son o Plan Xeral, como son os orzamentos, como son as ordenanzas fiscais, como son unha determinada serie de asuntos, que toda corporación ten unha responsabilidade co seu voto.

Entón non hai por que xustificaron unha cousa alegando que o goberno ten outro criterio.

Ben, a verdade é que a intervención do Partido Popular, de Antonio Meijide, dá a sensación de algo que se comenta por todos lados. Creo que igual que o escoito eu o escoitarán vostedes, de que no grupo do Partido Popular parecen polos sen cabeza. Porque esta intervención... Mira, eu pensei que neste caso, nun tema tan transcendental (que o dixo o propio Antonio Meijide), un tema transcendental para a

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8707128092499564642.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-6-2022

cidade, que quen interviría sería o propio portavoz municipal do Partido Popular. Creo que sería o lóxico. Podía ser. Pero o que pasa é que non se sabe aquí quen manda. Se é o portavoz, se o viceportavoz, se Óscar Poy, que pode ás veces desacreditar ao propio portavoz, como vimos no pleno de hai un mes aquí mesmo... Quizais por iso, quizais por iso, o Partido Popular agora estea preparando un "Macarena Olona", só que en vez de traer unha señora de Alacante a mandar en Andalucía, vai traer a unha señora de Mondoñedo a mandar a Lugo. Quizais sexa precisamente por esa razón.

E ollo. Eu xa sabes que prefiro o carballo de Lugo que o eucalipto da Mariña. Pero parece que aquí va a ir por esa liña.

Ben, eu creo que aquí o que ten que facer cada quen é votar en base ao que cre oportuno. Se o Partido Popular dixo no seu día, e dixo, que foran parte dos ideólogos do Plan Xeral, que sempre apoiaran o Plan Xeral, que sempre defenderan, que foran... pois, se se senten tan propietarios deste proxecto, non sei que problema teñen no que voten os demais. Terán que defender o seu voto e non preocuparse tanto do que voten os demais. No arrepentirse do que fixeron no pasado. Non hai por que arrepentirse. Se estades convencidos de que fixestes sempre o correcto, que defendestes un Plan Xeral, que era o mellor para Lugo. Iso é opinable, que o que hai que facer neste pleno: debater sobre opinións, baixo datos obxectivos, que é o que hai que facer en política.

E se creedes que iso é así, seguidе defendendo o que fixestes no pasado. Non esteades tan preocupados do que van facer outros, ou do que vai facer o BNG, do que vai facer Ciudadanos, ou do que vai facer... non, preocupádevos do voso, atendede ao voso e defendede a posición que tivestes sempre, a non ser que agora vos arrepintades do que fixestes no pasado.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o Portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Señor Santos, por suposto que é unha parte do goberno, pero si que hai distintas actitudes dentro do goberno.

O 6 de xuño pedímoslle oficialmente unha reunión á Alcaldesa por escrito, que aínda non respondeu. Si agradezo que cando vostede e outros compañeiros do equipo de goberno se lles pide algo ou se lles consulta algo respondan de inmediato. Iso é digno de agradecer. Pois iso esa actitude colaborativa é a que botamos en falta por parte doutros membros deste equipo de goberno. Así que agradezo de novo, aínda que o puidese tomar como un ataque, era todo o contrario, senón un agradecemento. Esperemos que os demais copien esa actitude. Véxoo nervioso, señor Arroxo, non sei por que. Pero o vexo realmente nervioso. Probablemente. Claro, é que é inxustificable. Eu entendo, e reitérome ademais, en pedir á Alcaldesa que os cese, porque, para que nos serven cinco concelleiros de goberno, cando nin sequera son capaces de poñerse de acordo en algo tan importante? Son un matrimonio de conveniencia, un matrimonio de conveniencia tremendamente caro, tremendamente caro, iso é verdade, pero son un matrimonio de conveniencia caro e inútil, pero de conveniencia, a fin de contas.

Pídolles que non estean nerviosos, que non se apuren, que non se preocupe. Que a vostede, polo que se ve, non o quere cesar a súa Alcaldesa, porque o sigue defendendo, así que seguirán tendo cartos ata final de mandato, que é o que lles interesa: os cartos. Tanto ao PSOE como ao BNG.

Retomando isto, nesta semana chequeamos toda a documentación, analizamos os documentos, reunímonos con expertos, con afectados, con particulares, con empresarios, con asociacións... e tras todo isto, pois obviamente, e analizar eses máis de 32 núcleos afectados, máis de 30 fichas, os planos... e demais, que todos coñecemos, imos anunciar o noso voto a favor.

Reitero, non é un bo Plan Xeral. Nin sequera estamos de acordo con moitas cousas. Ten erros, que puxemos de manifesto, pero aínda así é mellor que non telo. Porque senón, señora Méndez, se non tivésedes esta altura de miras, esta responsabilidade, estas ganas de traballar, estas ganas de consensuar, e de facer que Lugo avance, vostede, se fose por vostede, señora Méndez, Lugo seguiría outros 24 anos sen Plan Xeral. E sería outro retraso inxustificable. Pero hai que seguir adiante, malia vostedes.

Hoxe é un gran día para Lugo, pero temos unha sensación agri doce por dous motivos: Doce, porque sacamos adiante este Plan Xeral despois de 24 anos, polo tanto satisfeitos do desbloqueo, pero unha mágoa todo o que quedou polo camiño nestes 11 anos. Demasiadas vítimas no camiño. E cando falo de vítimas, falo de cantas familias tiveron que irse aos municipios limítrofes a construír a súa residencia, porque malia teren a finca aquí para construír, a parcela aquí para construír, non puideron e tiveron que ir a outros municipios. Cantos? O outro día había unha noticia nos medios de comunicación, moi interesante ao respecto: os municipios limítrofes crecían, mentres Lugo se reducía.

Cantas empresas, cantos empregos, cantas oportunidades se perderon nesta cidade nestes 11 anos. Canta xente se tivo que ir de Lugo a emprender a súa vida porque non había oportunidades aquí.

Hoxe votamos para que Lugo teña futuro, hoxe votamos para que Lugo teña futuro, incluso a pesar de vostedes, hoxe votamos por Lugo, e por iso somos responsables dende o Partido Popular, así que tomen en consideración este voto de confianza.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois hoxe é un gran día para Lugo. Esta é a realidade. É un gran día para Lugo porque nos permite ter certezas e garantías xurídicas para moitas das persoas da nosa veciñanza. Pero tamén para ter capacidade de crecemento, e sobre todo no eido económico, que é fundamental neste momento. Xa o dixo o tenente de Alcaldesa, pero quero reiterar o traballo feito polos distintos concelleiros, polo coordinador e os técnicos municipais, que traballaron man a man cos técnicos da Xunta, ao que tamén lles quero agradecer este traballo, nominativamente á Directora Xeral de Ordenación Urbanística, a señora Encarna Rivas, por ser sempre tamén receptiva e intentar sacar adiante este documento.

Hai un tema que saíu e me preocupa, por parte da oposición. Porque descoñecen o acordo programático que temos os dous grupos que conformamos o goberno. E isto, a verdade, que despois de tres anos, é triste que descoñezan, ou quero pensar que o descoñecen, porque senón estaría mentindo, faltando á verdade, que

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8707128092499564642.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-6-2022

descoñecen ese acordo programático. Que é o que nos ocupa e preocupa para este mandato. E que ademais levamos nun estado de execución altísimo. De isto que firmamos para os vindeiros catro anos.

Nese acordo programático xa se falou tamén do PXOM. Polo tanto tiñan que ser xa coñecedores desta situación. E, polo tanto, preocúpame que descoñezan esta situación, e realmente o contrato que fixemos cos e coas lucenses para este mandato. É algo, a verdade, que é preocupante.

Pero como digo, pois hoxe é un día importante, onde as certezas e garantías van quedar establecidas para poder seguir crescendo e para poder seguir mellorando este documento. Porque o PXOM é un documento vivo, e o PXOM ten moitas deficiencias, e o PXOM pode ser moi mellorable, e se tratará de mellorar coas distintas modificacións que se vaian facendo. Pero vostedes se dedicaron e dedícanse a facer teatrillo. Ou sexa, políticas de espectáculo, cunha finalidade, e non é Lugo. Cunha finalidade, que é desprestixiar a este goberno. Desgastar a este goberno, con outra finalidade, antepoñendo sempre os seus intereses partidistas, por riba do interese xeral da nosa cidade. Porque senón o teatrillo sobraría.

E o que están expoñendo hoxe o puideron telo exposto, porque, á parte, seguen faltando á verdade, porque eu estiven con vostede, ademais persoalmente na Xunta de portavoces, porque non veu o portavoz e titular do Partido Popular, e veu vostede á Xunta de portavoces, e esboceille o que era o documento, e preguntei se había algunha cuestión ou pregunta que facer. E fixo unha pregunta vostede. Polo tanto me tivo á disposición. Segue faltando á verdade dicindo que non me tivo a disposición, porque precisamente nesa Xunta de portavoces puido ter preguntado máis.

Despois do que xa se dixo, e no pasado pleno, polo tanto non imos reiterar a posibilidade de pospoñer ese pleno, na propia comisión. A posibilidade sempre de ir aos servizos e de falar con calquera concelleiro ou concelleira. Porque, como moi ben lle dixo o tenente de Alcaldesa, cando se fala cunha parte do goberno, se fala tamén coa Alcaldesa, porque teño coñecemento e porque estamos en sintonía, porque hai un obxectivo claro, que é aprobar este documento. É que é certo que a min por cuestión de axenda ás veces me resulta máis complexo, pero, en todo caso, tivo oportunidade de preguntar as preguntas que quixese, e só fixo unha pregunta. E a pregunta foi se todos os urbanizables que se modificaron foi atendendo ao criterio da Xunta de Galicia. E a resposta foi: Si, todos.

E vostedes entenderon que necesitaban unha semana máis. É curioso, que ademais o defende vostede, que o único que estaba neste salón plenario hai 11 anos era vostede, señor Ameijide. O resto non estabamos. E estiveron moi preocupados en dicir que son parte activa deste documento e que necesitaban esa semana máis para aclarar. Estudaron, consultaron, fixeron con técnicos... E que agora van dar ese voto favorable a este documento. A esas propostas da Xunta de Galicia que, por certo, aínda ten que informar a Xunta de Galicia. Pode vostede chamar á señora Encarna Rivas e dicirlle que xa está todo ben e perfecto, que xa lle deron vostedes o seu voto, e que nos remita ese informe á maior brevidade posible, para que xa poida ser firme. Porque, como digo, o único que se fixo foi

atender ás esixencias da Xunta de Galicia, que agora transmite o documento, e despois seguirá o seu curso.

E a miña prioridade é que a cidade medre, e que medre con certezas e garantía, pero que medre en moitos máis eidos. Que medre en proxectos, en obras, para mellorar a calidade de vida dos veciños e das veciñas. Que se establezan políticas que axuden ás persoas máis vulnerables, que é outro dos grandes obxectivos que temos. Que en situacións difíciles, que é cando somos máis útiles tamén a cidadanía, ninguén se quede atrás. E isto para nós é fundamental, que ningunha persoa malia as vulnerabilidades que poida ter en calquera momento, non se quede descolgada.

E impulsar á economía local, outro dos piares fundamentais deste goberno. É máis importante agora que nunca, pola situación de dificultade que estamos a vivir e que aínda quedan momentos difíciles. E este documento, con esas certezas e garantías que dá, tamén vai axudar a dinamizar a economía local da nosa cidade. Estas son as miñas prioridades, que tamén se resumen nunha soa palabra, que é Lugo e cidadanía.

Para as persoas traballamos nós, e non as súas políticas de espectáculo que, o puidemos ver no día de onte, só lle compran os seus militantes, e non todos. Vímolos con esa escenificación que quixeron facer nesa infraestruturas, que xa tocará falar dela, que é o auditorio. Que nós o que seguimos é traballando para que se poida abrir.

Pero son esas políticas de espectáculo, eses teatrillos que pretenden facer con esa finalidade, que é a de desprestixiar a un goberno, desprestixiar unha institución, e non colaborando para nada no desenvolvemento da nosa cidade. Eu o que pido é traballo e responsabilidade, porque ademais é o que ofrezco en primeira persoa e o que ofrece todo o equipo de goberno: traballo e responsabilidade para a cidade de Lugo.

É o que estamos a facer e o que seguiremos facendo no que resta de mandato, porque ese é o noso compromiso. E os compromisos son por catro anos e ese é o que adquirimos nós no ano 19 e temos hasta o ano 23 para levar a termo ese acordo programático, que dúas forzas políticas distintas cun obxectivo común, de desenvolver ese acordo programático, que asinamos para poder chegar a ese fin.

Parece ser que para esta viaxe non facían falta estas alforxas, polo seu cambio de sentido do voto nesa semana. Pero o importante é que hoxe imos aprobar un documento tremendamente necesario, como dicía, para garantir esas certezas e para dar tamén esa garantía xurídica para a cidade de Lugo e para a cidadanía de Lugo. Así que hoxe é un gran día para a nosa cidade.

Imos proceder entón á votación para aprobar pois este proxecto revisado do Plan Xeral de Ordenación Municipal, que quedará pois incluído ese 5% que faltaba por aprobar.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do expresado día vinte e tres de xuño de dous mil vinte e dous, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8707128092499564642.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-6-2022

organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.